

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN
CURSO: 6.º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS
DEPARTAMENTO: -
DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
CS-B1.1	6º-CSB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.
CS-B1.2	6º-CSB1.2.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
CS-B1.2	6º-CSB1.2.2 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
CS-B1.3	6º-CSB1.3.1 - Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.
CS-B1.3	6º-CSB1.3.2 - Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.
CS-B1.4	6º-CSB1.4.1 - Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
CS-B1.5	6º-CSB1.5.1 - Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
CS-B1.5	6º-CSB1.5.2 - Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
CS-B1.6	6º-CSB1.6.1 - Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
CS-B1.7	6º-CSB1.7.1 - Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida da aula e do centro e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos entre seus compañeiros
CS-B1.7	6º-CSB1.7.2 - Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos (escola, familia, barrio etc.)
CS-B1.8	6º-CSB1.8.1 - Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.
CS-B1.9	6º-CSB1.9.1 - Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean.
CS-B1.9	6º-CSB1.9.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
CS-B1.10	6º-CSB1.10.1 - Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.
CS-B1.10	6º-CSB1.10.2 - Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.
CS-B2.1	6º-CSB2.1.1 - Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
CS-B2.2	6º-CSB2.2.1 - Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan
CS-B2.3	6º-CSB2.3.1 - Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.

CS-B2.4	6º-CSB2.4.1 - Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.
CS-B2.4	6º-CSB2.4.2 - Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.
CS-B2.5	6º-CSB2.5.1 - Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.
CS-B2.6	6º-CSB2.6.1 - Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.
CS-B3.1	6º-CSB3.1.1 - Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.
CS-B3.1	6º-CSB3.1.2 - Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.
CS-B3.2	6º-CSB3.2.1 - Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.
CS-B3.2	6º-CSB3.2.2 - Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.
CS-B3.3	6º-CSB3.3.1 - Describe as principais características da poboación española e europea.
CS-B3.3	6º-CSB3.3.2 - Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.
CS-B3.3	6º-CSB3.3.3 - Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.
CS-B3.3	6º-CSB3.3.4 - Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea.
CS-B3.4	6º-CSB3.4.1 - Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.
CS-B3.4	6º-CSB3.4.2 - Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.
CS-B3.5	6º-CSB3.5.1 - Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.
CS-B3.5	6º-CSB3.5.2 - Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes
CS-B3.6	6º-CSB3.6.1 - Valora con espírito crítico a función da publicidade e recoñece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos.
CS-B3.7	6º-CSB3.7.1 - Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles
CS-B3.7	6º-CSB3.7.2 - Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno presuposto persoal.
CS-B3.7	6º-CSB3.7.3 - Investiga sobre diferentes estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información.
CS-B3.8	6º-CSB3.8.1 - Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade.
CS-B3.9	6º-CSB3.9.1 - Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen ás actividades que desenvolven.
CS-B3.9	6º-CSB3.9.2 - Describe diversas formas de organización empresarial.
CS-B3.9	6º-CSB3.9.3 - Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e a economía, ilustrando as definicións con exemplos.
CS-B4.1	6º-CSB4.1.1 - Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.

CS-B4.2	6º-CSB4.2.1 - Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.
CS-B4.3	6º-CSB4.3.1 - Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.
CS-B4.3	6º-CSB4.3.2 - Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas.
CS-B4.3	6º-CSB4.3.3 - Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.
CS-B4.3	6º-CSB4.3.4 - Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España citando os seus representantes máis significativos.
CS-B4.3	6º-CSB4.3.5 - Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.
CS-B4.3	6º-CSB4.3.6 - Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.
CS-B4.4	6º-CSB4.4.1 - Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
CS-B4.4	6º-CSB4.4.2 - Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.
CS-B4.5	6º-CSB4.5.1 - Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.
CS-B4.5	6º-CSB4.5.2 - Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.

En vermello, os criterios e estándares considerados non esenciais e que quedan excluídos da programación do terceiro trimestre.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas.
	Instrumentos: Investigacións, diálogo, posta en común, probas obxectivas, interpretación de datos, exposición dun tema.
Cualificación final	Procedemento para obter a cualificación final de curso: -1ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. -2ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. -3ª Avaliación: valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10 % do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballárase na recuperación e reforzo dos contidos non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede en primaria
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado con materias pendentes

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

As actividades deste terceiro trimestre adaptaranse ás características propias das tecnoloxías dixitais. Levaranse a cabo actividades de recuperación, repaso e reforzo pero tamén de ampliación relacionadas con aprendizaxes imprescindibles que figuraban na programación inicial do curso.

O alumnado realizará, fundamentalmente, estas actividades:

- **Fichas dixitais de autocorrección diarias** elaboradas polo docente e contextualizadas para este grupo e para os estándares de aprendizaxe que tomamos en consideración.
- **Análise de gráficas** sobre poboación (densidade, pirámides, evolución da poboación ao longo dun período de tempo, comparativas entre países, etc) e sobre economía (sectores económicos, evolución do PIB, etc.).
- **Proxecto final de trimestre “Un país da Unión Europea”**: cada alumno elixirá un país da Unión Europea e investigará sobre el desde unha perspectiva global, atendendo a aspectos xeográficos e económicos pero tamén históricos e culturais. Os traballos finais en formato presentación de diapositivas será publicado no grupo en Agueiro e o alumno ou alumna deberá expoñelo en videoconferencia ao resto da clase.

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Todo o alumnado do grupo ten conexión a internet con algunhas incidencias puntuais debidas á mala cobertura da rede e quizais aos propios dispositivos. As videoconferencias diarias (2 horas pola mañá e unha hora pola tarde) tratan de fortalecer os lazos entre os membros do grupo e encaixan nunha visión cooperativa da aprendizaxe, o rasgo esencial da metodoloxía que utilizamos na aula e que, na medida do posible, desexamos continuar a distancia.</p> <p>Traballaremos nos dous modos básicos de ensino a distancia: Sincrónico, por medio de videoconferencia para propoñer actividades en liña, detectar e solucionar dúbidas, e proporcionar feed-back en vivo. Asincrónico, suxerindo tarefas que se poden facer ao longo da xornada ou da semana como a elaboración de traballos de investigación, blogs de aula, etc.</p> <p>O grupo na plataforma educativa Agueiro é un elemento fundamental desde o punto de vista metodolóxico porque permite traballar en conxunto, compartindo todo tipo de materiais didácticos e promovendo proxectos compartidos, pero ao mesmo tempo facilita a conciliación da vida familiar ao permitir o acceso a todas as videoconferencias e actividades en calquera momento do día.</p> <p>O desenvolvemento das competencias clave con propostas de tarefas integradas e globalizadas é outro dos rasgos esenciais da metodoloxía. A competencia dixital e a competencia social e cívica están a ter un tratamento privilexiado, sen esquecer o resto de competencias que conforman o currículo de primaria.</p> <p>Na área de ciencias sociais imos realizar actividades de reforzo dos contidos xa tratados nos primeiros trimestres, pero tamén sobre novas unidades, especialmente as relacionadas con aspectos xeográficos como a poboación e a economía. Utilizaremos mapas temáticos e fontes de información oficiais. Traballaremos as pirámides de poboación co obxectivo de fortalecer as capacidades de interpretación e análise comparativa.</p> <p>Para fomentar a motivación do alumnado e a súa implicación na aprendizaxe suxeriremos a creación dunha empresa imaxinaria para traballar os contidos relacionados con esta parte do currículo (sector, produto, publicidade, etc.).</p>
--	--

Materiais e recursos	Presentacións de diapositivas multimedia Fichas de exercicios Fichas dixitais de autocorrección Medios de comunicación dixitais e bibliografía específica Fontes oficiais de información Recursos tecnolóxicos propios: ordenador, webcam, micrófono, escáner, subscricións a provedores de servizos, etc.
-----------------------------	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado e as familias contan con información completa e detallada desde o inicio do período de confinamento. Esa información reformouse coas modificacións introducidas polas autoridades educativas e unha vez reformada foi trasladada a todas as familias.</p> <p>Empregamos diversos recursos e canles de comunicación:</p> <p>Alumnado No grupo de aula na plataforma Agueiro publicamos un documento en PDF orientado aos rapaces. Acompañamos o documento cunha presentación de diapositivas en Google. Ademais aproveitamos a primeira videoconferencia en Webex para trasladar unha mensaxe clara sobre os obxectivos principais neste último trimestre e sobre a maneira de resolver a avaliación final e a promoción á seguinte etapa.</p> <p>Familia Mantemos desde o inicio de curso un contacto permanente a través de Abalar móbil, servizo de mensaxería e cooperación Taskade e correo electrónico. Empregamos tamén a propia plataforma Agueiro para compartir indicacións orientadas ás familias. Ás poucas semanas de iniciar a educación a distancia solicitamos a participación nunha enquisa que deu un grao de satisfacción dun 4,4 sobre cinco.</p>
Publicidade	Publicación na páxina web do centro